



# Análise do balance enerxético de Galicia (2024)

Galicia apenas avanza en enerxías renovábeis e afianza a súa enorme dependencia do petróleo e do gas fósil

## Introdución

O Balance enerxético de Galicia, elaborado anualmente polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) da Xunta, é a máis completa radiografía sobre a transformación e o consumo no noso país de todas as formas de enerxía, non só da electricidade. Neste informe salientamos algúns datos recollidos do balance enerxético máis recente, **revisado e publicado en maio de 2026 e referido aos datos consolidados de 2024<sup>1</sup>**.

O último Balance enerxético non deixa dúbidas sobre a **mala situación da transición enerxética en Galicia**, marcada polo **estancamento da potencia renovábel eléctrica, o retroceso da electrificación do consumo enerxético e a ausencia dunha verdadeira planificación enerxético-climática galega** que garanta o logro da neutralidade climática antes de 2040.

De non ser polo fin da produción eléctrica con carbón, Galicia apenas tería avanzado nos últimos anos na diminución no uso dos combustíbeis fósiles. Esta é a principal acción climática, pois **a transformación e o consumo final de enerxía fósil é a causa do 67,6 % das emisións territoriais galegas de gases de efecto invernadoiro<sup>2</sup>**. Ademais, o rápido abandono dos combustíbeis fósiles é un imperativo para asegurarmos a autonomía enerxética e garantirmos a

---

<sup>1</sup> Balance enerxético de Galicia 2024. Revisión maio 2026. Instituto Enerxético de Galicia (INEGA). Dispoñíbel en: [https://www.inega.gal/sites/default/files/publicacions/20260504\\_Balance\\_enerxetico\\_Galicia\\_2024.pdf](https://www.inega.gal/sites/default/files/publicacions/20260504_Balance_enerxetico_Galicia_2024.pdf). Existe unha versión anterior desta análise de Greenpeace e o OGACLI baseada no balance enerxético publicado en marzo de 2026, cuxos datos relativos á enerxía final presentan diferenzas significativas con respecto á versión actualizada do balance enerxético, consultada o 31 de xullo de 2026.


<sup>2</sup> As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia (1990-2024). Observatorio Galego da Acción Climática, 2026. Dispoñíbel en <https://ogacli.org/wp-content/uploads/2026/06/as-emisions-de-gei-en-galicia-2024.pdf>.

prosperidade socioeconómica, como está a amosar a crise enerxética desencadeada pola guerra unilateral dos Estados Unidos e Israel contra Irán.

## 2024: primeiro ano sen carbón no mix enerxético galego

A porcentaxe de orixe renovábel dos recursos enerxéticos (enerxía primaria) transformados en territorio galego para obter electricidade, combustíbeis e calor, con destino ao consumo interno e á exportación, non superou o 25% en 2024<sup>3</sup>. **Un ano máis, confírmase que en Galicia tampouco hai un excedente de enerxía renovábel.** O real é a enorme dependencia da economía galega de petróleo e de gas fósil, importados principalmente desde o Sur global, os Estados Unidos de América e Rusia.

En 2024 o carbón deixou de formar parte do mix enerxético galego, despois do peche da central de carbón das Pontes en outubro de 2023. De non ser por iso, a participación das renovábeis no uso total de enerxía primaria nin sequera acadaría o 25%. **Nos últimos anos avanzouse moi pouco no necesario aproveitamento dos recursos renovábeis propios,** ao tempo que a actividade da refinaría de petróleo da Coruña e da regasificadora de Mugar dos Muros mantívose en niveis altos.



<sup>3</sup> Non se inclúen os residuos chamados renovábeis.

O fin da moi ineficiente produción eléctrica con carbón posibilitou unha importante redución do uso total de recursos enerxéticos en Galicia. Duns 14 millóns de toneladas equivalentes de petróleo (tep) en 2018 pasouse a 11,3 en 2024.

Comparando 2024 con 2018, o ano previo ao comezo do declive final da xeración eléctrica con carbón, a achega dos recursos enerxéticos renovábeis apenas mudou. O aumento no uso do gas fósil (+629.000 tep ) foi compensado pola diminución no emprego de petróleo (-653.000 tep).

Polo tanto, **o abandono do carbón non foi acompañado dunha redución no uso dos demais combustíbeis fósiles, en termos de enerxía primaria.**

## Refinaría e regasificadora: os elefantes no cuarto do sector enerxético galego

O balance enerxético do noso país está enormemente determinado pola actividade de dúas industrias do sector enerxético fósil que, sen embargo, apenas están presentes hoxe na conversa pública sobre a enerxía en Galicia.

**A refinaría de petróleo de Repsol na Coruña é a maior industria enerxética galega e o principal foco emisor de gases de efecto invernadoiro<sup>4</sup>.** Por ela pasou o 55% de toda a enerxía primaria usada en Galicia durante 2024. Procesou un 32,5% máis de cru de petróleo que o ano anterior.

A regasificadora de Reganosa en Mugardos, en funcionamento desde 2007, converteuse na única vía de entrada do gas fósil en Galicia, en detrimento da rede de gasodutos. Esta industria, cuxa instalación no interior da ría de Ferrol foi obxecto dunha forte contestación social e que funcionou de forma ilegal até hai uns anos, está a posibilitar a reexportación de gas fósil desde a nosa terra. **Un terzo do gas fósil recibido en 2024 foi exportado.**


---

<sup>4</sup> En 2025 volveu liderar as emisións, lanzando á atmosfera un millón de toneladas de gases de efecto invernadoiro. Máis información en <https://ogacli.org/grandes-emisores/>.

## Produtos petrolíferos e gas fósil achegan o 58% do consumo enerxético final<sup>5</sup>

Os recursos enerxéticos (enerxía primaria) autóctonos e importados son transformados polo sector enerxético fósil e renovábel en combustíbeis, electricidade e calor, isto é, en enerxía dispoñíbel para o consumo ou enerxía final<sup>6</sup>. **Nos últimos anos o consumo galego de enerxía final tendeu a diminuír, baixando un 12% entre 2021 e 2024.** As causas principais foron o descenso no consumo de electricidade e de gas fósil na industria. Tamén baixou o consumo de produtos petrolíferos, dominado polo sector do transporte.

**O consumo directo de produtos petrolíferos e de gas fósil supuxo o 58 % do consumo galego de enerxía final en 2024.** A electricidade e as renovábeis non eléctricas (biomasa, aeroterminia, biocarburantes, etc) achegaron, respectivamente, o 24% e o 14%. O 4% restante foi subministrado polo uso de residuos non orgánicos na industria para a obtención de calor.



Fonte: OGACLI a partir do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) da Xunta. • As renovábeis non eléctricas inclúen as renovábeis térmicas (biomasa, biogás, aeroterminia,...) e os biocarburantes mesturados coa gasolina e co gasóleo auto.

<sup>5</sup> Os datos sobre consumo final recollidos neste apartado son os obtidos segundo a metodoloxía da Axencia Internacional da Enerxía (AIE), Dipoñíbeis en: [https://www.inega.gal/sites/default/files/publicacions/20260428\\_Evolucion\\_consumo\\_sectores.pdf](https://www.inega.gal/sites/default/files/publicacions/20260428_Evolucion_consumo_sectores.pdf).

<sup>6</sup> A transformación de enerxía primaria en enerxía final, así como a exportación e o consumo interno de enerxía final por sectores pode visualizarse nun diagrama de Sankey que sintetiza o balance enerxético para 2024, dispoñíbel en <https://ogacli.org/balanzo-2024-diagrama-sankey/>.

**A industria é hoxe o sector con maior demanda enerxética, acaparando o 40% da total<sup>7</sup>, seguido polo transporte, co 33,3%.** Agás no sector servizos, descendeu o consumo en todos os sectores con respecto a 2021, nomeadamente na industria.

Paralelamente ao descenso do consumo galego de enerxía final houbo un aumento das exportacións, que en 2024 mesmo igualaron o consumo interno. **As exportacións non están dominadas pola electricidade, senón polos combustíbeis fósiles**, por causa da actividade exportadora da refinaría de petróleo da Coruña e da regasificadora de Mugaros. Produtos petrolíferos e gas fósil representaron o 74% da enerxía exportada, fronte ao 20% de electricidade e o 6% de biocarburantes. Na realidade, Galicia non ten un excedente eléctrico, pois necesita a electricidade exportada hoxe e moita máis para desfosilizar o seu consumo enerxético, mediante o aumento da electrificación.

## Estancamento das renovábeis e retroceso da electrificación

O fin da produción eléctrica con carbón posibilitou que **a porcentaxe da xeración renovábel sobre a total saltase desde un 56 a un 85% entre 2018 e 2025<sup>8</sup>**. Aconteceu a pesar do cativo incremento da potencia renovábel, especialmente en 2020-2025, período no que tan só medrou o 7%. O principal impulso veu do aumento do autoconsumo solar fotovoltaico, que se debilitou despois do pico atinxido en 2022. Se a isto se suma a continuidade do parón eólico, as perspectivas a día de hoxe para o necesario desenvolvemento renovábel son sombrías.

**O crecemento da potencia instalada con renovábeis térmicas, do 16% entre 2021 e 2024, non foi tan lento como o das renovábeis eléctricas**, mais tamén debe acelerarse notabelmente. Un dato positivo é o importante incremento na instalación de bombas de calor rexistrado en 2024, ano no que por primeira vez as bombas de calor superaron a biomasa en nova potencia instalada. Con todo, produtos petrolíferos e gas fósil seguen a ser, de lonxe, a principal fonte de calor en Galicia.

**A cota de renovábeis no consumo enerxético**, un indicador usado na política enerxética europea que ten tamén en conta datos de anos anteriores, **acadou o 50,6% en 2024**. O obxectivo da Axenda enerxética da Xunta é acadar o 58% para 2030. Unha meta pouco ambiciosa para Greenpeace e o Observatorio Galego da Acción Climática (OGACLI), tendo en conta a emerxencia climática e as capacidades de Galicia.

---

<sup>7</sup> Incluindo tamén o consumo de combustíbeis no sector primario, en minaría e en construción.

<sup>8</sup> Incluindo a xeración con residuos orgánicos.

Máis preocupante aínda é o panorama no relativo á electrificación do consumo enerxético, crucial para avanzarmos na descarbonización. **O peso da electricidade no consumo galego de enerxía final baixou desde máis do 26 ao 24% entre 2021 e 2024.** Estamos moi lonxe do obxectivo do 35% para 2030 establecido polo Plan estatal de enerxía e clima. A Xunta carece dunha meta propia.

## Galicia, máis aló dos combustíbeis fósiles

En decembro de 2023 [Greenpeace](#) e o [OGACLI](#) publicaron o informe [Galicia, máis aló dos combustíbeis fósiles](#). O documento inclúe recomendacións sobre a planificación enerxética da Xunta, os combustíbeis fósiles, o consumo de enerxía e o desenvolvemento renovábel en Galicia. Os dez obxectivos máis importantes marcados por Greenpeace e o OGACLI son:

1. Reducir as emisións territoriais brutas de gases de invernadoiro desde o -38,3% (2023) ao -65% para 2030 respecto a 1990.
2. Alcanzar un sistema eléctrico 100% renovábel en 2030.
3. Alcanzar un sistema enerxético no seu conxunto 100% renovábel en 2040.
4. Reducir a demanda de enerxía final á metade para 2040 con respecto a 2019.
5. Alcanzar unha cota de renovábeis no consumo final do 70% en 2030.
6. Abandonar o uso de gas fósil para a xeración eléctrica antes de 2030.
7. Abandonar a queima de gas fósil para todos os usos en 2035.
8. Planificar a fin das actividades de refino de petróleo e de regasificación de gas licuado, para acompasalas ao resto de obxectivos.
9. Incrementar a electrificación, que en 2030 debería aproximarse xa ao 50%
10. Acadar un parque de vehículos cero emisións antes de 2040.



# GALICIA, MÁIS ALÓ DOS COMBUSTÍBEIS FÓSILES

Análise da situación da  
transición enerxética en  
Galicia

Decembro 2023

GREENPEACE



OGACLI

**“Aínda existen  
opcións para asegurar  
un futuro habitábel  
e sustentábel, mais  
atinxilo é cada vez  
máis difícil, a fiestra  
de oportunidade  
estase a pechar  
rapidamente. Para  
logralo, precísanse  
cambios rápidos e moi  
ambiciosos en todos  
os sectores e a todas  
as escalas”.**

[Extracto das conclusións do Informe de  
Síntese do Sexto Informe de Avaliación do Grupo Intergobernamental  
de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC, polas súas siglas en  
inglés), publicado o 20 de marzo de 2023]